

3. Chucho Monteiro detense **á** beira do camiño de Castrillón. Remontou amodo a encosta da carballeira, levando na man unha **póla** de loureiro verde, e agora senta nas pedras do valado a carón do camiño. Pasear sen **présa** polo monte **é** unha cousa que o corpo lle pide, e un dos labores que **máis** tempo lle ocupa. Coloca a **póla** de loureiro debaixo do brazo, frega **as** mans para sacudirlles o po, saca tabaco e mistos, fai un pito e acéndeo. Desde alí divisa o val de Riba, e ao lonxe, ao **pé** dos montes de Lendo, os lugares da Raposeira, o Muíño e o serradoiro de Pitoques.
4. O home co xersei azul é maior ~~eo~~ **có** teu pai. / A irmá da túa amiga ~~da~~ **dá** moitos paseos. / Óeme ben! ~~Se~~ **Sé** bo se queres que che deixe ir ao cine. / A avó ~~ven~~ **ven** nese autobús, pero os netos non o ven chegar. / No zoolóxico, un oso polar rompeu un ~~ese~~ **óso**. / Impresionoume ver despregadas as ~~as~~ **ás** dos voitres. / Eva quere ~~mais~~ **máis** froita, mais só peras e uvas. / Ela díxome que fora ~~fora~~ **fóra** para ver se chovía. / Eu como menos ca ti pero bastante **máis** ~~ca~~ **cá** avoa. / Por que lle ~~das~~ **dás** a túa boneca á amiga das túas irmás? / Apoiei o pé no chanzo da escaleira para facer o ~~no~~ **nó** do zapato. / Xosé e Neves din que esa película ~~e~~ **é** aburrida. / Quen vos dixo que ~~vos~~ **vós** seriades titulares na dianteira? / ~~Compre~~ **Cómpre** que Xurxo compre no supermercado todo o que lle encargamos.
5. No banquete, uns maleducados andaban a tirar bolas de pan polo aire; *significado*: lanzaban bolas (moletes) de pan enteiras. – No banquete, uns maleducados andaban a tirar bólas de pan polo aire; *significado*: lanzaban anaquiños como pelouros feitos coa miga de pan. / Oe, ten coidado coa besta, non te vaias mancar; *significado*: pode darlle un couce o animal. – Oe, ten coidado coa bésta, non te vaias mancar; *significado*: pode cravarse unha frecha coa arma. / Non podemos baixar en piragua polo río con tanta presa; *significado*: hai moitos encoros que dificultan o paso. – Non podemos baixar en piragua polo río con tanta présa; *significado*: van demasiado rápido. / Os investigadores non esperaban atopar tantos osos naquel lugar; *significado*: atoparon os animais plantígrados. – Os investigadores non esperaban atopar tantos ósos naquel lugar; *significado*: atoparon pezas do esqueleto. / Atopeite con mala cara cando ías para o oculista. Ves ben agora?; *significado*: pregunta se ve mellor. – Atopeite con mala cara cando ías para o oculista. Vés ben agora?; *significado*: pregunta se volve ben do oculista.
6. ~~Das~~ **Dás** voltas e ~~mais~~ **máis** voltas sobre os teus ~~pes~~ **pés** como unha buxaina para ficar queda de súpeto e sentir como o mundo xira ao teu redor. Sobes ao alto do cabozo ao que eu lle tiña pavor, para saltar dende arriba e sentir ese verme que anda pola barriga. ~~Das~~ **Dás** pinchacarneiros. Fas o pino. Saltas en marcha da randeeira que che preparou o tío Ramiro pendurada da ~~peña~~ **póla** ~~mais~~ **máis** grosa da mazaira, coma se foses lanzarte a voar. Encántache pendurarte das pernas da viga de madeira que cruza o alboio coma se foses roupa tendida. ~~As~~ **Ás** veces, a avoa quéixase e di que estas cousas ~~se~~ **só** as fan os nenos. Despois fita para ti cos ollos húmidos e brillantes, cóllete polas dúas mans, achégate ao seu regazo e di: «A túa nai era ~~mais~~ **máis** tranquila e non daba tanta guerra».